

PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.- OBXECTO

O contrato ten por obxecto a prestación do servizo de "CONSERVACIÓN E
MANTEMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA".

A descripción dos servizos a realizar expóñense no apartado 3 do presente Prego, e a
súa supervisión farase polos servizos técnicos do Concello.

2.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O ámbito de actuación dos traballos a realizar polo contratista corresponde co
recinto do cemiterio municipal de Boisaca, situado ao norte da cidade de Santiago e
linda co polígono industrial do Tambre, a uns douscentos metros da estrada nacional N-
550 de Santiago-A Coruña, dende a cal ten o acceso principal pola rúa de Boisaca.

3.- TRABALLOS A REALIZAR

O desenvolvemento do servizo comprende a realización dos seguintes traballos:

* Servizo de inhumacións, exhumacións e traslado de restos.

1. Acondicionamento do terreo para a inhumación de cadáveres no Cemiterio
municipal. O terreo deberá estar acondicionado de tal xeito que as inhumacións
poidan levarse a cabo o día e hora sinalados polo Concello.
2. Ampliación, renovación e conservación das unidades de enterramento.
3. Inhumacións e exhumacións de cadáveres, sempre coa estricta observancia as
esixencias contidas no decreto 134/1998 do 23 de abril da Xunta de Galicia polo
que se aproba o regulamento sobre Policía sanitaria mortuoria no ámbito da
Comunidade galega e no decreto 3/1999 de 7 de xaneiro no que se aproba as
modificacións do regulamento anterior.

Recibirán a orde municipal do servizo a realizar no que afecte tanto aos días como as horas, así como a orde e situación das diferentes unidades de enterramento e en xeral de tódolos elementos do cemiterio.

4. Retirada de lousas, cruces e lápidas de calquera unidade de enterramento para poder facer exhumacións coa súa posterior recolocación, incluso nos servizos non solicitados polo seu titular.
5. Tódolos traballos anteriores incluirán a apertura e cerramento das fosas e nichos.
6. Traslado dos restos exhumados a súa nova ubicación dentro do recinto do cemiterio.


*** Servizo de mantemento e conservación.**

1. Limpeza de viais e recollida de coroas e ofrendas florais de xeito periódico para evitar a súa acumulación.
2. Mantemento da xardinería existente, que inclue todos aqueles traballos imprescindibles para a prantación e mantemento, en perfecto estado, dos elementos vexetais do recinto, que se desenvolverá, en todo caso, baixo a dirección e supervisión do departamento de Parques e xardíns.
3. As tarefas mínimas de xardinería comprenderán o corte e rego do céspede cando sexa preciso, o abono e recibo de céspede unha vez ao ano, a plantación anual de flores e plantas de tempada, e o recortado de arbustos dúas veces por ano.
4. Limpeza e repaso do muro e rúas do cemiterio, tellados e fachadas exteriores dos edificios nel existentes, así como pintado anual de tódolos elementos que o requiran.
5. Control e tratamento de posibles plagas de insectos ou outros animais en viais e edificacións.
6. Mantemento dos bloques de nichos, retirando a vexetación e as malas herbas, incluindo limpeza e reparación de cubertas.

7. Mantemento e conservación do mobiliario urbano instalado no cemiterio, incluindo o pintado ou barnizado si se considera necesario polos servicios técnicos do Concello.
8. Limpeza xeral do cemiterio, executando cantas tarefas sexan necesarias para manter o recinto en óptimas condicións hixiénicas. A estes efectos, evitará a acumulación de flores e outros obxectos nos colectores e zonas comúns do recinto, estando totalmente prohibido realizar calquera tipo de queima de restos vexetais nas instalacións do cemiterio.
9. Mantemento en perfecto estado de limpeza os aseos públicos, incluindo o pintado, barnizado ou esmaltado anual dos seus elementos, sempre que se considere necesario polos servizos técnicos do Concello.
10. Mantemento do bo estado de conservación e uso do elevacadaleitos existente no cemiterio.
11. Presentar trimestralmente un informe que recolla de xeito pormenorizado, o número de servizos de tódalas actuacións realizadas, así como as incidencias, queixas e suxerencias que se produzcan.

*** Servizos complementarios.**

1. Apertura e peche do cemiterio de acordo co horario establecido no apartado 6. Mientras o recinto permaneza aberto, levará a cabo tamén as tarefas de vixiancia, poñendo en coñecemento do Concello calquer situación anormal que se produzca.
2. Realización de labores de ordenación do cemiterio, numeración de sepulturas e nichos de conformidade coas directrices municipais.
3. Facilitarase o elevacadaleitos de axuda para a colocación de lápidas na parte superior dos nichos ás empresas marmolistas, con aviso previo e concertado e sempre que non se atope en servizo.
4. Entenderase incluidos entre os traballos a realizar polo adjudicatario todos aqueles que resulten necesarios para o mantemento do Cemiterio municipal en boas condicións de uso, aínda que non se ciñan estritamente aos anteriores



relacionados. Neste sentido, executaranse todas aquelas obras de pequenas reparacións e entretenimiento que deban levarse a cabo.

5. Así mesmo, asumirá a construcción das sepulturas a solicitude dos usuarios, para o que se fixa un prezo máximo a abonar polo solicitante de 1.360,80 euros IVE incluído.

4.- ENTERRAMENTOS EN FOXA

O enterramento en fosa é o que se fai baixo a rasante do terreo. En cada fosa van dúas unidades de enterramento e un cinceiro na parte inferior.

As dimensións das fosas será de 2,20 metros de longo por 1,00 metros de ancho, e disporanse a una profundidade mínima de 2,00 metros.

As fosas colocaranse ordenadamente, formando una malla ortogonal, de tal xeito que entre cada dúas ringleiras exista un paso libre de enterramentos de 0,50 metros na dirección correspondente ao lado longo das fosas.


O fondo e a tapa das fosas serán de formigón en masa, as paredes laterais de ladrillo revocadas e bruñidas, quedando un volumen libre de 2,00 x 0,80 x 1,40 metros, cun cinceiro de 0,65 x 0,45 x 0,50 metros.

As tapas serán de 1,00 metros de ancho e as lousas ou lápidas dispostas horizontalmente sobre as sepulturas serán equivalentes ás da propia fosa, ou sexa, medirán como máximo 2,00 x 0,80 metros e no sobresairan de plano do chan mais de 30 cm.

Sobre a sepultura non poderá disponerse ningún elemento construido, agás un elemento vertical na cabeceira, cunhas dimensiones máximas de 80 cm de altura, 70 cm de anchura e 15 cm de grosor.

5.- PERSOAL E MAQUINARIA ADSCRITOS

O adxudicatario aportará tódolos medios humanos, materiais e consumibles necesarios e suficientes para a correcta realización do obxecto deste contrato, cos condicionantes técnicos establecidos no presente Prego e cos plena responsabilidade para ofrecer unha execución a plena satisfacción do Concello.



O persoal mínimo destinado para execución do Contrato será de catro (**4**) traballadores, un (**1**) oficial 1^a funerario, dous (**2**) oficiais 2^a funerario e un (**1**) peón de limpeza. O seu horario de traballo e salario estará de acordo co vixente V Convenio colectivo galego para o sector das pompas fúnebres (Resolución do 22 de maio de 2015 DOGA nº 112)

O persoal deberá de ir uniformado, facilitándose as prendas por conta do contratista. Na oferta, especificarase as características dos uniformes e demais prendas de traballo, que deberán contar coa aprobación municipal, incluindo, en todo caso, a inscrpción "Concello de Santiago".

O adxudicatario deberá aportar cantos útiles, ferramentas e demais se precisen para a correcta prestación dos servizos contratados, e disporá das reservas necesarias para suplir as incidencias que poidan xurdir. Toda a ferramenta, roupa e equipos de traballo estrán en boas condicións de uso e conservación, adecuandose as disposicións vixentes en materia de Seguridade e saúde.

6.- HORARIO E PRESTACIÓNS

O horario de apertura ao público será:

INVERNO (5 meses) Do 30 de outubro ata o 30 de marzo


De 9 h. á 18 h. => 9 horas

VERÁN (7 meses) Do 31 de marzo ata o 31 de outubro

De 9 h. á 19 h. => 10 horas

As inhumacións realizaranse dentro do horario de apertura ao público, autorizándose a derradeira delas a facerse cunha antelación mínima **dunha** (1) hora respecto ao horario de peche.

Agás casos de forza maior ou por imperativo legal, as **exhumacións e traslados** dos restos realizaranse fora do horario de visitas, coa porta pechada e non se podrán facer máis de **dúas** (2) por día, agás circunstancias excepcionais.



CONCELLO DE
SANTIAGO

Os servizos de limpeza, preparación de fosas e nichos, traballos de mantemento, etc.. faranse dentro do horario da actividade normal do cemiterio, sen que supoña molestias para o público nin entorpecemento dos servizos funerarios.

En casos de que por forza maior apreciada pola Alcaldía deba prestarse algúun servizo, o contratista está obrigado a por a disposición e baixo as súas ordes, todo o material e persoal que se necesite.

7.- PRESUPUESTO

O prezo base de licitación anual, segundo o informe do estudo económico do Anexo III, establecese na cantidade de **cento vintedous mil cento noventa (122.190,-) euros**, sen IVE, cantidade que non poderá ser rebasada polos licitadores para non verse excluidos pola Mesa de contratación. O IVE vixente do 21% ascende a cantidade de **vintecinco mil seiscentos cincuenta e nove euros con noventa céntimos (25.659,90)**, polo que o importe total anual é de **cento cuarenta e sete mil oitocentos cuarenta e nove euros con noventa céntimos (147.849,90)**.

O abono do prezo de adxudicación farase contra factura do servizo, facturas que serán mensuais e supervisadas polos servizos técnicos do Concello.

8.- INSPECCIÓN DO SERVIZO

O persoal técnico do Concello controlará a prestación correcta do servizo, puidendo revisar en calquier momento os medios humáns, materiais e as instalacións do contratista relacionadas co Servizo.

Os responsables da empresa facilitarán ao persoal do concello o acceso as dependencias, así como a totalidade dos datos relativos ao funcionamento do servizo.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2017.

O Inspector técnico de Servizos e Transportes

Asdo: Luis Alberto López García

